

## CONVOCATORIA VII CERTAME DE FOTOGRAFÍA RUTH MATILDA ANDERSON

*RUTH MATILDA ANDERSON (1893-1983)*

*Foi unha fotógrafa estadounidense, que realizou varias viaxes a Galicia das que deixou testemuño a través das súas imaxes. O seu traballo no noso país centrouse nas actividades cotiás dos anos 20, encargo que recibiu da empresa para a que traballaba, The Hispanic Society of America.*

*A súa primeira formación recibíuna a través do seu pai, Theodore Anderson, que tiña un estudo especializado en vistas e retratos. Posteriormente asistiu á Clarence H. White School for Photography, diplomándose en 1919. Aínda que tamén se graduou como profesora, nunca exerceu esta profesión e o seu traballo estivo sempre vinculado á fotografía.*

Por medio deste certame a USC tenta promover a igualdade dentro e fóra da comunidade universitaria, a través de dous mecanismos:

1. Sacar á luz o labor que desenvolven as mulleres na sociedade e que historicamente se veu invisibilizando.
2. Deconstruír na medida do posible os estereotipos de xénero, acerca dos traballos que son propios de mulleres e os que o son de homes, e motivar a facer unha escolla da carreira profesional dun xeito máis libre e vocacional.

Coa elección de Ruth Matilda Anderson para dar nome a este proxecto, por un lado lémbrese a unha muller que fixo un traballo importante nun campo tradicionalmente desenvolvido por homes, e por outro, préstase atención á súa destacable obra, na que se inclúe o retrato que Ruth Matilda fixo da muller galega dos anos 20, a través da súa particular mirada.

### BASES DA CONVOCATORIA

1. Poderá presentarse ao certame de xeito individual:
  - O alumnado da USC.
  - O antigo alumnado da USC.
  - Persoal da USC (PAS, PDI ou outra categoría).
2. A temática terá unha relación directa coas mulleres dende diversas perspectivas (visibilización do traballo, mulleres e ciencia, rompendo estereotipos de xénero...) premiándose a creatividade, innovación e o impacto da imaxe.
3. As fotografías entregaranse en formato dixital, cunha resolución mínima de **300 ppp, orientación horizontal e un tamaño A3 ou A4.**
4. Premios: o xurado seleccionará as doce fotografías de maior calidade técnico-artística, sempre que se axusten á temática establecida na convocatoria. De entre estas o xurado escollerá as tres mellores.

Os premios, financiados polo Concello de Santiago de Compostela, para as tres mellores fotografías seleccionadas consistirán en:

- 1º premio:** Unha dotación económica de mil euros (1.000 €). Esta fotografía será utilizada pola USC, como cartel conmemorativo do Día Internacional das Mulleres no ano 2022.
  - 2º premio:** Unha dotación económica de oitocentos euros (800 €).
  - 3º premio:** Unha dotación económica de cincocentos euros (500 €).
- Ao importe de cada un destes premios aplicaráselle as retencións previstas na vixente lexislación tributaria española.
  - Se o xurado o estimase conveniente poderá deixar algún ou todos os premios desertos.
  - A Universidade resérvase o dereito de facer difusión das fotografías seleccionadas.
5. Coas doce fotografías finalistas elaborárase un calendario.
6. Só poderase presentar unha solicitude por persoa, achegando como máximo tres fotografías.
7. Para a inscrición deberase achegar a seguinte documentación:
- formulario de inscrición, que figura como **ANEXO I** da convocatoria, debidamente cuberto, que aparece no sitio web da Oficina de Igualdade de Xénero da USC e ao que poderá acceder a través da seguinte ligazón: [https://www.usc.gal/gl/servizos/oix/modules/news/news\\_0107.html](https://www.usc.gal/gl/servizos/oix/modules/news/news_0107.html)
  - Fotocopia do DNI.
  - Memoria USB coa/s fotografía/s presentada/s.
  - A USC poderá facer comprobación da pertenza das persoas solicitantes aos colectivos aos que vai dirixida a convocatoria.
8. Prazo e lugar de entrega:
- A documentación anteriormente establecida entregárase, dirixida á Oficina de Igualdade de Xénero da USC, nos Rexistros Xerais da Universidade (Campus de Santiago de Compostela ou campus de Lugo) ou por calquera das formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015 do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
  - O prazo de entrega rematará o día **10 de setembro de 2021**.
  - O fallo e todas as publicacións da presente convocatoria realizaranse na seguinte ligazón: [www.usc.gal/oix](http://www.usc.gal/oix)
9. O xurado: as persoas que formen parte do xurado terán experiencia en temas relacionados coa igualdade de xénero e comunicación e imaxe.  
O xurado resolverá todas as cuestións non previstas nestas bases e a súa resolución será inapelable. Se o considera conveniente poderá deixar algún ou todos os premios desertos.
10. Outras consideracións:
- Calquera traballo que incumpra algún destes puntos será automaticamente desestimado.
  - A USC comprométese a garantir a protección e privacidade dos datos persoais das persoas participantes.

- A participación neste certame implica a total aceptación das presentes bases e a decisión do xurado. As persoas participantes serán as únicas e exclusivas responsables do contido das fotos en canto a esixencias legais de dereitos de imaxe ou plaxio, segundo as leis vixentes.
- Todas aquelas fotografías non seleccionadas, poderán ser recollidas polas persoas propietarias, se así o solicitan, na Oficina de Igualdade de Xénero da USC, mediante a presentación do formulario de inscrición debidamente rexistrado e o seu DNI, no prazo dun mes contado a partir da data de entrega de premios.

*Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela/Lugo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á súa recepción, de conformidade cos artigos 46 e 8.2.a) da Lei da Xurisdición Contencioso Administrativa, aprobada por Lei 29/1998, do 13 de xullo.*

*Non obstante, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que o ditou. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo anteriormente indicado en tanto non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.*

A VICERREITORA DE IGUALDADE, CULTURA E SERVIZOS  
(P.D., R.R. do 30 de abril de 2020, DOG do 11 de maio de 2020)

María do Mar Lorenzo Moledo

Documento asinado dixitalmente conforme á Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).

Anexo I

VII CERTAME DE FOTOGRAFÍA RUTH MATILDA ANDERSON

APELIDOS E NOME:	
NIF:	MULLER <input type="checkbox"/> HOME <input type="checkbox"/>
CATEGORÍA: (relación coa USC)	PAS <input type="checkbox"/> PDI <input type="checkbox"/> OUTRA <input type="checkbox"/>
	ALUMNADO <input type="checkbox"/> EXALUMNADO <input type="checkbox"/>
TITULACIÓN:	
<b>Datos para os efectos de notificación</b>	
Enderezo fiscal:	
Concello:	C.P.: Provincia:
E-mail:	
Teléfono móbil:	Teléfono fixo:
<b>Foto 1. Título:</b> <b>Breve descripción:</b>	
<b>Foto 2. Título:</b> <b>Breve descripción:</b>	
<b>Foto 3. Título:</b> <b>Breve descripción:</b>	
<b>Declaro:</b> Que todos os datos anteriormente indicados son certos e que en calquera momento, a pedimento da USC, estou en disposición de documentalos.	
En Santiago de Compostela/ Lugo, a de de 2021	
(sinatura)	
<b>Oficina de Igualdade de Xénero da USC</b>	

De conformidade coa Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais e co Regulamento UE 2016/679, os datos recadados serán tratados pola Universidade de Santiago de Compostela (USC) coa finalidade de: *“Xestión de actividades culturais”, cuxa finalidade é a xestión dos congresos e reunións científicas, proxectos e actividades culturais, xestión de proxectos culturais: difusión e divulgación de actividades culturais a través de publicacións impresas, web, radio e televisión etc.”*

A responsable do tratamento é a Vicerreitoría de Igualdade, Cultura e Servizos, cuxos datos de contacto son: Colexio de San Xerome, Praza do Obradoiro s/n, 15782- Santiago de Compostela, [vr.cultura@usc.gal](mailto:vr.cultura@usc.gal)

O Delegado de Protección de Datos é D. José Julio Fernández Rodríguez, [dpd@usc.es](mailto:dpd@usc.es)

A base de xustificación do tratamento é o consentimento das persoas interesadas.

Salvo previsión legal os datos non serán transferidos.

As persoas interesadas poden exercer ante o responsable os dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación de tratamento, oposición e portabilidade a través da Sede Electrónica da USC:

<https://sede.usc.es/sede/publica/catalogo/procedemento/55/ver.htm>

Tamén poden dirixirse á Agencia Española de Protección de Datos para realizar as reclamacións que consideren oportunas.

Os datos serán conservados durante o período no que se realice a finalidade para a que foron recollidos, ou o tempo necesario para cumprir coas obrigas legais. Cumprida a finalidade, os datos bloquearanse ata que transcorran os prazos de prescrición aplicables.

A política de privacidade e protección de datos da USC pódese consultar na web:

<http://www.usc.es/gl/normativa/protecciondatos/Politica-privacidade.html>

Se non se proporcionan os datos requiridos e as autorizacións para o seu tratamento, a solicitude non poderá ser tramitada.

Marque a seguinte casa para dar o seu consentimento:

- Dou o meu consentimento para o tratamento dos datos proporcionados de acordo coa lexislación vixente para poder resolver a miña solicitude.

## Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

**Asinante/Firmante/Signer:** MARIA DEL MAR LORENZO MOLEDO, VICERREITORA DE IGUALDADE CULTURA E SERVIZOS, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 08/07/2021 09:39:23.

**CSV:** D3FE-AB22-41F6-B71D